



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

08/03/2013

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Comisión Paritaria de Acción Social

Nos pasados días tivemos xuntanza da Comisión Paritaria de Acción Social para tratar de perfilar o plan para este ano.

Como sabedes, a partida económica do 2013 é un 50 % menos que á do ano anterior polo que haberá que facer malabarismos para sacar adiante algo decente. Desde a **CIG** solicitamos que a AEAT, mediante aportacións do seu presuposto, achegue máis cartos para o plan de acción social en detrimento da partida adicada á produtividade (que xa sabemos quen a cobra...). Denunciamos, outra vez, que estamos diante doutro recorte máis ás nosas retribucións e dereitos como traballadores da AEAT.

A Administración propón modificacións á hora de calcular o nivel familiar de ingresos, reducir as contías das axudas e fomentar as incompatibilidades con Muface. Tamén estase a estudar a posibilidade de establecer uns límites máximos de renda de 36.000 euros para todas as axudas, pedir xustificación de gastos para obter a axuda de primeira infancia, limitar a axuda á xubilación (non concedéndoa aos que, voluntariamente, solicitan seguir máis aló dos 65 anos), etc, etc,. En fin, aínda está todo moi verde xa que a minoración dos cartos non deixa marxe a negociación. Seguiremos a negociación nas próximas datas .

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com